

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

Ten como misión:

- Potenciar o uso da lingua galega no Centro
- Diseñar e poñer en práctica un programa regular de actividades de fomento do galego.
- Promover e coordinar a elaboración do proxecto lingüístico do centro.

Obxectivos

- Comunidade Educativa: alumnos, profesores e entorno do colexio.

1.-Concienciar á Comunidade Educativa da necesaria recuperación e conservación da nosa lingua. Esta recuperación ten que realizarse de maneira progresiva e continuada, potenciando unha visión positiva e o uso da mesma xa que constitúe o eixo arredor do cal se artella toda a cultura do noso pobo, pobo que posúe unha identidade propia e un patrimonio histórico que é necesario conservar.

- Achegar a todos os fogares o labor que se está a facer a prol da Normalización Lingüística, proceso no cal eles teñen un papel primordial xa que son os pais e outros familiares os transmisores dos nosos valores culturais, os portadores do saber e da cultura popular.
- Tentar que os alumnos se sintan orgullosos de ser galegos e falar o idioma que forma parte dunha cultura propia que nos identifica ante os demais.
- Estimular o interese por coñecer, apreciar e respectar a diversidade lingüística existente en Galicia.
- Fomentar e incentivar a participación e implicación de todos os membros da Comunidade Educativa nas actividades que se lancen dende o Equipo de Normalización Lingüística.

2.-Crear o ambiente adecuado que favoreza o emprego da lingua galega e a supresión dos prexuízos producidos pola situación diglósica na que estamos inmersos.

- Buscar estratexias para motivar os membros da Comunidade Educativa, que se adapten ás necesidades da época na que vivimos.

3.-Impulsar o uso da lingua galega en todas as situacións comunicativas posibles que se poidan producir tanto no noso centro educativo coma fóra do mesmo.

- Empregar a lingua galega nas relacións que se establecen entre profesores, familias, alumnos e persoal non docente.
- Usar a lingua galega nos actos organizados polo centro educativo: reunións con pais, Festival de Nadal, Semana Cultural, conferencias, despedida de alumnos de 4º ESO, etc.
- Utilizar a lingua galega na megafonía, actividades extraescolares, nas reunións entre profesores, coas novas tecnoloxías: internet e o uso das TIC nas diferentes actividades e que constitúa este uso tamén unha actividade.
- Fomentar o emprego da lingua a través da internet coa que cada vez máis nos achegamos ás familias.

4.-Mellorar a competencia lingüística dos membros da Comunidade Educativa na nosa lingua, competencia que se manifesta no dominio das catro capacidades básicas: comprender, falar, ler e escribir. Esta competencia conséguese mediante o emprego da lingua que como centro educativo temos a responsabilidade de fomentar e impulsar.

- Impulsar a formación de grupos de teatro escolares que desenvolvan a súa actividade en galego.
- Difundir as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Fomentar o uso dun galego máis puro e libre de castelanismos nas súas expresións máis comúns.
- Fomentar o gusto pola lectura e a creación literaria.
- Crear e formar lectores potenciais en galego.
- Procurar que os alumnos empreguen o galego nas súas manifestacións orais e escritas nas materias impartidas en galego.
- Empregar o galego en situacións cotiás para eles como algo normal e natural: nas súas relacións, cando empregan a internet, etc.

- Trasladar na lectoescritura ó galego, as aprendizaxes que se produzan no castelán, lingua predominante a maioría dos anos nas aulas do centro.
- Utilizar o galego nos actos nos que se colabora fóra do colexio: participación na radio, etc.
- Dotar do material bibliográfico necesario as posibles bibliotecas de aula.
- Fomentar a realización de xogos, actividades lúdicas e didácticas que empreguen como lingua vehicular o galego.
- Estender o emprego do galego a todos aqueles que non o fan habitualmente porque non é a súa lingua materna.
- Actualizarse no emprego das normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego.

5.-Estimular o coñecemento da nosa cultura para poder valorar así a súa enorme riqueza.

- Ser a ponte que achegue o alumnado do centro ás nosas raíces, ó noso pasado: historia, literatura, artes plásticas, lingua, cultura, etc.
- Potenciar a recuperación e conservación das festas tradicionais e dos xogos populares.
- Recoller, archivar e difundir a literatura popular galega.
- Realizar saídas culturais de carácter lúdico que intensifiquen o coñecemento da nosa xeografía, do noso patrimonio cultural, histórico e industrial.
- Poñer o alumnado en contacto coa realidade social de Galicia.